



Concello de Boiro

ANUNCIO

PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE PARA A COBERTURA LABORAL TEMPORAL DE PRAZAS DE EDUCADOR/A FAMILIAR

Transcríbese a continuación a acta do tribunal donde constan as puntuacións DEFINITIVAS do proceso selectivo:

“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE PARA A COBERTURA LABORAL TEMPORAL DE PRAZAS EDUCADOR/A FAMILIAR

SESIÓN DO 12/11/2020

Asistentes:

Presidente:

Benigno Piñeiro Sobrido

Vogais:

María Villar Loureiro

Lidia Sueiro López

Margarita Sampedro Mariño

Secretario:

Martín Blanco Buceta

Na Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro sendo as 12.30 horas do 12 de novembro de 2020, baixo a presidencia do técnico adxunto a secretaría do Concello de Boiro, reúnen os membros do tribunal designado ca finalidade de confeccionar un sistema de lista para a provisión con carácter laboral temporal de prazas de educador/a familiar.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por resolución de alcaldía de 08/10/2020. A relación de candidatos/as definitivamente admitido/as na oposición, o nomeamento do tribunal e a convocatoria para a realización das probas constan na resolución de alcaldía de data 30/10/2020.

O obxecto desta convocatoria é a resolución das alegacións presentadas así como a elaboración da proposta da listaxe de contratación definitiva.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

1.1.- A candidata Angela M^a D... presentou alegación á puntuación do 2º exercicio da oposición, solicitando que “sexa revisado o exercicio práctico e modificada a puntuación obtida”

-Unha vez revisada a proba e realizada a conseguinte valoración técnica, este tribunal, por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a puntuación outorgada inicialmente.

1.2.- A candidata Laura Igl.... presentou alegación en relación cas preguntas número 41, 50 e 53 do 1º exercicio da oposición:

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 66K53YKRC5HJDXC7LHT66L4TA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Boiro

- Pregunta 41: Alega que se da por correcta a opción A, cando no protocolo de absentismo da Xunta de Galicia indica no apartado 2 as definicións de absentismo escolar como “a ausencia ó centro escolar sen causa debidamente xustificada”.

Unha vez revisada a pregunta núm. 41 apreciase que na plantilla de corrección aparece como repostada correcta a “A” cando debería aparecer a “B”, polo que procede estima-la alegación presentada pola candidata e a modificación das puntuacións asignadas a esta pregunta.

-Pregunta 50: Alega que “debido a que o teléfono do menor fai referencia ó 116 111, non sendo esta ningunha das opcións plantexadas nas respostas e dándose por correcta o 112, sendo este o número ante calquer emerxencia en xeral, non en particular o teléfono do menor”.

Unha vez revisada a pregunta 50, procede estimar a alegación presentada e substituír esta pregunta pola 1ª pregunta reserva (51), e modificar todas as puntuacións asignadas a esta pregunta.

-Pregunta 53: Alega que “se indica por correcta a opción B como o responsable de desenvolver o programa MENTOR sendo o IGAXES quen desempeña a execución de dito programa”.

Unha vez revisada a pregunta núm. 53, procede estimar a alegación presentada, modificando a plantilla de respostas, pasando a ser a resposta correcta a opción “C”.

1.3.- A candidata Cristina Piñ, presentou alegación en relación cas preguntas número 32 e 40. Igualmente presenta solicitude de “revisión do exame do caso práctico”.

-Pregunta 32: Alega “defecto ou omisión” e que se de por correcta a opción “B” en vez da opción “A” en base ó artigo 173.bis da Lei de Modificación do sistema de protección de menores 26/2015 que modifica o Código Civil.

Unha vez revisada a pregunta 32, o tribunal por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a opción “A” como correcta en base ós seguintes:

O acollemento familiar é unha medida que pode ser de tipo administrativo ou xudicial. Outra cousa é a tipoloxía dos acollementos segundo a súa duración que pode ser, Acollemento de Urgencia, temporal, e Permanente, polo que non hai posibilidade de que calquera outra resposta fora a correcta que a que o tribunal asigna como válida.

([Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.](#) (BOE, nº180 do 29/07/2015). O artigo 173 bis redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración. Suprímese o acollemento provisional, que xa non será necesario ante a simplificación do acollemento familiar, así como o acollemento preadoptivo que, en definitiva, é actualmente unha fase do procedemento de adopción. Con iso introdúcese claridade nos verdadeiros supostos de acollemento familiar, que quedarán concretados en acollemento de urxencia, acollemento temporal (ata o de agora denominado simple), cunha duración máxima de dous anos, salvo que o interese superior do menor aconselle unha prórroga, e acollemento permanente.)

-Pregunta 40: Alega “defecto ou omisión” e que se anule esta pregunta “por non ser concreta a súa redacción en base a que: “O protocolo da Xunta fala de “cando o centro educativo contempla que haxa indicios de desprotección”. A pregunta non fai alusión a

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 66K53YKRC5HJDXC7LHT66L4TA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Boiro

ningún protocolo e ademais tanto a opción "A" como a opción "D" serían susceptibles de intervención polos servizos sociais dado que a desescolarización de menores de 16 anos é un indicador de desprotección"

Unha vez revisada a pregunta 40, o tribunal por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a opción "B" como correcta en base ós seguintes:

No caso do absentismo e na aplicación do Protocolo de absentismo aprobado pola Xunta de Galicia destacar :

Por expediente de absentismo enténdese o conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo.

- 1. Expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro educativo, formando parte do expediente da alumna ou do alumno.*
- 2. Inicio do expediente se realizará cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos.*
- 3. Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporará ao rexistro de contactos.*
- 4. Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso.*

Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.

No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución , e levantará acta desa reunión.

De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente. No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.

De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno.

Con independencia da realización das accións previstas neste protocolo, en calquera momento no que o profesorado do centro educativo aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) <https://rumi.benestar.xunta.es>.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 66K53YKRCSTHJDXC7LHT66L4TA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Boiro

En resumo atendendo á pregunta número 40 do test a resposta correcta é a B dado que as outras opcións plantexadas(con tódolos menores de 16 anos , en tódolos casos, con tódolos menores de 15 anos...) nestes casos a responsabilidade de Traballo é en primeira instancia do Centro educativo, da Dirección do centro educativo, dos profesionais do servizo de orientación educativa, dos docentes do centro educativo, dos titores, etc que serán os que traballen co caso do menor.

Posteriormente se no seu diagnóstico, se detectan que o absentismo ten unha orixe social ou familiar indicativa de desprotección do menor, se procederá a realizar unha derivación aos Servizos Sociais comunitarios entre outros.

- Solicitude de revisión do exame do caso práctico (exercicio 2º).

Unha vez revisada a proba e realizada a conseguinte valoración técnica, este tribunal, por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a puntuación outorgada inicialmente.

1.4.- A candidata María Ester Dev presentou alegación en relación cas preguntas número 7, 41, 50 e 53 do primeiro exercicio da oposición:

- Pregunta 7: Solicita revisión desta pregunta en base ó disposto no artigo 40.3 da Lei 13/2008, do 03 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Unha vez revisada a pregunta número 7, o tribunal por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a opción "D" como correcta, tendo en conta o previsto no artigo 4 do Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 03 de decembro de servizos sociais de Galicia, no relativo ós órganos consultivos e de participación.

-Pregunta 41: Solicita a revisión desta pregunta en base a que "no protocolo de absentismo escolar establécese que se computarán as faltas de asistencia que non estean xustificadas".

Alegación estimada: Ver apartado 1.2.

-Pregunta 50: Solicita a revisión desta pregunta en base a que "na páxina web de política social da Xunta de Galicia está publicado como número do menor o 116111".

Alegación estimada: Ver apartado 1.2.

-Pregunta 53: Solicita a revisión desta pregunta en base a que "na páxina web da Xunta de Galicia recóllese que a entidade encargada de desenvolver o Programa Mentor e o IGAXES3.

Alegación estimada: Ver apartado 1.2.

1.5.- A candidata Celia Far presentou alegación á puntuación do 2º exercicio da oposición, solicitando que "se corrixa a segunda parte do exame" tendo en conta o seu contido e a súa interpretación da lectura das bases de selección.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 66K53YKRC5HJDXC7LHT66L4TA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello de Boiro

Unha vez revisada a proba e realizada a conseguinte valoración técnica, este tribunal, por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a puntuación outorgada inicialmente.

1.6.- A candidata Sara Fonte presentou alegación á puntuación do 2º exercicio da oposición solicitando “asignación dunha nota superior” en base a que “se responde de forma precisa ós contidos esixidos en dita proba”. Igualmente solicita “que se me ensinase a segunda parte de tipo práctica”.

En primeiro lugar o tribunal acorda citar a esta candidata para o vindeiro xoves 19 de novembro ás 12:00 h. no Departamento de Pesoal do Concello de Boiro para facilitarlle o acceso á proba realizada.

En segundo lugar, unha vez revisado o segundo exercicio da oposición e realizada a conseguinte valoración técnica, este tribunal, por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a puntuación outorgada inicialmente.

2.- RECALIFICACIÓN DE PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NO PRIMEIRO E SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN E PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

2.1.- Unha vez revisadas as alegacións presentadas en relación ó primeiro exercicio da oposición, procede:

1º.- Revisar e modificar as puntuacións da pregunta número 41, considerando como resposta correcta a opción “B”.

2º.- Anular a pregunta número 50, sendo substituída a efectos de puntuacións pola 1ª pregunta reserva (número 51).

3º.- Considerar como resposta correcta da pregunta número 53 a opción “C”. Ó ser a 3ª pregunta reserva (número 53) non produce efectos nas puntuacións.

Recalificados os exercicios de todos os candidatos, resultan as seguintes puntuacións:

DNI	NOME	Nº de fallos	PUNTUACIÓN
788070	ALBA MAR	13	7,4
459063	ANDREA B	19	6,2
529376	ANGELA F	19	6,2
537957	ANGELA M	14	7,2
774662	CELIA FA	16	6,8
534891	CRISTINA	12	7,6
458464	GRACIELA	14	7,2
533008	LAURA IG	15	7
534899	LORENA S	18	6,4
448191	LUCIA VI	21	5,8
534810	MARIA DE	10	8
533083	MARÍA ES	17	6,6
534818	NEREA CO	21	5,8
788038	OLIVA LE	13	7,4

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 66K53YKRC5HJDXC7LHT66L4TA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7



Concello de Boiro

534877	PATRICIA	17	6,6
462894	PATRICIA	11	7,8
767795	PAULA MA	17	6,6
440905	RAQUEL G	16	6,8
534804	REBECA O	23	5,4
534826	ROCIO SA	25	5
537954	SARA FON	15	7

2.2 Unha vez revisadas as alegacións presentadas en relación ó segundo exercicio da oposición, resultan as seguintes puntuacións:

DNI	NOME	PUNTUACIÓN
788070	ALBA MAR	7,5
459063	ANDREA B	2
529376	ANGELA F	2
537957	ANGELA M	2,5
774662	CELIA FA	3
534891	CRISTINA	7
458464	GRACIELA	8,5
533008	LAURA IG	2,5
534899	LORENA S	3
448191	LUCIA VI	1,5
534810	MARIA DE	5
533083	MARÍA ES	3
534818	NEREA CO	2
788038	OLIVA LE	2
534877	PATRICIA	2
462894	PATRICIA	5
767795	PAULA MA	5
440905	RAQUEL G	9
534804	REBECA O	2
534826	ROCIO SA	2
537954	SARA FON	2





Concello de Boiro

2.3 Unha vez sumadas as puntuacións obtidas na fase de oposición, resultan as seguintes puntuacións por orde decrecente:

Nº ORDE	NIF	NOME	TOTAL PUNTOS 1º EXERCICIO OPOSICIÓN	TOTAL PUNTOS 2º EXERCICIO OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
1	440905	RAQUEL G	6,8	9	15,8
2	458464	GRACIELA	7,2	8,5	15,7
3	788070	ALBA MAR	7,4	7,5	14,9
4	534891	CRISTINA	7,6	7	14,6
5	534810	MARIA DE	8	5	13
6	462894	PATRICIA	7,8	5	12,8
7	767795	PAULA MA	6,6	5	11,6

3.- PROPOSTA DE LISTAXE DE CONTRATACIÓN:

Segundo a base 12ª das bases que rixen este proceso selectivo, concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará a proposta de listaxe de provisión temporal.

Así, o tribunal, por unanimidade, acorda propoñe-la seguinte listaxe de cobertura laboral temporal de educador/a familiar.

Nº ORDE	NIF	NOME
1	440905	RAQUEL G
2	458464	GRACIELA
3	788070	ALBA MAR
4	534891	CRISTINA
5	534810	MARIA DE
6	462894	PATRICIA
7	767795	PAULA MA

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 14:30 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe."

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.
O secretario do tribunal, Martín Blanco Buceta

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 66K53YKRCSSHJDXC7LHT66L4TA | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7